

# **30 de Xaneiro día da PAZ**



**"Digo bomba de fósforo.  
Apenas digo nada.  
Digo lombriga e larva de carne podrecida.**

**Digo nenos de napal,  
terror de noite e de selva,  
fedor de cidade e cloaca.  
Fame, suor, aldraxe,  
pugas de aceiro, antropofaxia.**

**Digo guerra bestial,  
tremos de terra, crime, lume, lava,  
estoupido, verdugo  
e mortandade en masa.**

**Digo gas abafante.  
Apenas digo nada.**

**Digo yanqui invasor,  
depredador de patrias.**

**Digo plutonio, pentágono,  
esterco bursátil, palanca,  
Presidente, gasoupa,  
chuvia, amargura, baba.**

**Digo petróleo, ferro,  
Mineral, trampa,  
lobo, caimán, polaris, cóbrega,  
miseria, diplomacia.**

**Digo devastación que USA, usa.  
Apenas digo nada.**

**Digo Vietnam i está xa dito todo  
cunha soa palabra.  
Pra abranguer a vergonza do mundo,  
digo Vietnam e basta."**

**Celso Emilio Ferreiro.**